

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº122/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de marzo/ Estado de Semana Santa

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



**Salgadoiro de Suxestións**  
Lingotes dos restos do submarino  
“General Mola”. Foto: Yago Abilleira  
Páx. 1



A soidade do último fareiro de  
Ons. Deberían ter unha  
merecida homenaxe. Páx. 1



Necesaria biblioteca na  
sede do Parque (III). Páx. 2



Arranxos na Illa antes de  
Semana Santa. Páx. 3



Xornadas de Estudo e Investigación na  
sede do Parque Nacional. Páx. 3



**Contos de Taberna.**  
Historia dun sinal de  
trafico en Ons. Páx. 4



A agrupación meca “@rroba de  
Viño” promocionou o Certame  
“PinchanoGrove” na Feira do Xantar  
en Ourense. Páx. 5



**BOSQUE MICOLÓXICO EN SANXENXO**  
Importante xornada vivida polos alumnos de  
Nantes e de Hostalería de Vilalonga, para  
fomentar a micoloxía e a gastronomía no  
municipio. Páx. 6

### Breves:

- Ons na Memoria. Páx. 4
- Novo libro sobre Ons. Páx. 4
- Dragado do Lérez. Páx. 6
- Espazo enogastronómico. Páx. 5



O Faro de Ons na prensa da década de 1980

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

## Petición de documentación e axuda

Non ía poñer este comentario dun lector, pero considerei, despois de moito pensalo, que debería facelo. Ten que ver co tema da necesidade dunha Biblioteca no Centro de Interpretación do Parque, por mor da demanda de información que teñen os investigadores e que debería estar dispoñible e así non ter que acudir, agás excepcións, a outras persoas: **“... sei do que falas porque, cando acudín a ti para pedirche información para a publicación que estaba preparando, non dubidache en proporcionarme o material que necesitaba,... aínda que fuches moi duro para deixalo, case me obrigaches a buscar por eu mesmo a información, pero grazas a iso coñecín a Áurea, Ramiro, Manolo Terco, Lucía, Francisco,..., e outros dos que non me acordo o nome. Foron 10 días inolvidables en Ons.**

**Aínda así, como ben sabes, necesitei igual da túa axuda para completar varios detalles necesarios co material que tiñas ... o resultado foi moi bo e valorado. ...”**

Prezado amigo-lector acórdome perfectamente, xa choveu dende aquela. Decía ao principio que non ía a publicalo, pero considerei que era necesario facer un **comentario**, que quizais non che guste, pero creo que hai que sinalalo porque, desgraciadamente, segue ocorrendo.

Recordarás, que cando tiñas todo o que necesitabas, quedaras en que me ías mandar unha copia do traballo. Foi o único que che pedira a cambio, pois como che dixera, a miña teima era recompilar todo tipo de material que tivera que ver coa a Illa de Ons.

Dixéchesme que non había problema e que, cando estivera rematado e o entregaras, recibiría unha copia. Eu prometín non divulgalo, só o gardaría na miña colección de temáticas de Ons, aínda que, quizais co tempo, se era necesario e poñendo a procedencia e autor e, ata pedíndoche permiso, quizais podería utilizar algún dato.

Quedamos de acordo. Creo que xa pasaron máis de 35 anos, e aínda estou esperando por el e iso que cho recordei en varias ocasións.

Iso é o que provoca que, cando veñen a pedir algo, segundo o que soliciten e quen sexa o petionario, o NON ou a Mentira Piadosa para non deixalo, estea na miña boca.

**É o que provocades con esa actitude.**

O que podo dicirche como consolo, é que non fuches o único, hai moitos que queren aproveitarse do traballo de un e non dar nada a cambio, cando o que pides é ben pouco.



A mediados da década de 1980, varios membros do CIS (Centro de Investigacións Submarinas) viñeron a facer un estudo a Ons. Prestámoslles moita axuda e ata elaboramos un pequeno informe sobre a Pesca Deportiva para engadir ao seu Estudo. Levámoslos aos pecios que coñecíamos e os mergullaron, e ata, coas nosas indicacións, sacaron unha antiga áncora na praia de Melide. Só lles pedimos que, cando presentaran o traballo, nos enviaran unha copia ou resumo. Dixeron que si. Pero tamén estamos aínda esperando por ela.

**Foto: Restos recuperados daquela do submarino General Mola.**

Despedida de Julio (no medio) no peirao de Ons.



Os irmáns, fareiros, Julio e Ricardo Carracedo.

## OS ÚLTIMOS FAREIROS DE ONS

Deume unha pena enorme, ver marchar a Julio, o primeiro fareiro que se xubilou dos tres últimos (2023), e que só un escaso grupo de amigos foron a despedilo ao peirao. Nin un só veciño, cando estes fareiros, eran os representantes de todos os que pasaron por Ons, e os veciños tiveron neles, non só un técnico de sinais marítimos, senón un mestre, médico, practicante, fontaneiro,..., un **amigo**. En Onstopus comentei, que o ano 2024, nas Festas de San Xaquín, podería ser unha idea o homenaxear á figura dos fareiros. Os Veciños, colleron a testemuña. Pero, por petición dos propios Fareiros, preferiron pospoñelo, quizais buscando este 2026 no que o Faro de Ons cumpre os seus 100 anos dende a última reforma. Volvo e propoñelo de novo, para que a Asociación de Veciños e o Concello de Bueu, nestas Festas de San Xaquín, homenaxeen á **Figura do Fareiro en Ons**.

**“A homenaxe que non se puido facer hai dous anos”**

## IMPRESCINDIBLE UNHA BIBLIOTECA OU ARQUIVO NA SEDE DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (III) POR QUE É NECESARIA (I)

Cando dende a clase política deciden que un espazo sexa declarado Parque Nacional, normalmente, é debido aos seus valores biolóxicos, ecolóxicos, ao seu ecosistema, a asegurar a súa biodiversidade e valores naturais,...., e case dun xeito residual, inclúen tamén, a parte cultural.

Considero, que os responsables desta denominación para as Illas Atlánticas, antes realizaron un estudo exhaustivo de todas as características do territorio e, daríanse conta, senón sería un erro imperdoable, que estas Illas teñen tamén un **VALOR CULTURAL** (social, histórico, etnográfico, antropolóxico, económico: agricultura e pesca, arquitectónico: construción popular mariñeira, gastronómico,...) tan ou máis importante que o biolóxico e medio ambiental, polo que, tamén tería que estar presente en todas as medidas de protección.

Asemade nestes espazos, a carón de priorizar a conservación, tamén hai que ter presente: a investigación científica, a educación ambiental, estudo do medio ambiente,...., sen esquecerse, nun Parque Nacional como o das Illas Atlánticas do estudo, indagación, análise,...., en definitiva a **investigación dos valores culturais** xerais e da **cultura popular** das comunidades que habitaron e habitan estas illas.



Como reza nas máximas destes territorios: “Os Parques Nacionais deben estar ao servizo da investigación e ao aumento do coñecemento científico” ao que eu engadiría: **<Natural e Cultural>**.

É por mor desas premisas que as instalacións, sedes, centros,...., que debe ter un Parque Nacional, obrigatoriamente, deberían contar cunha **Sala Biblioteca-Arquivo**, para conservar toda a documentación necesaria sobre ese Parque e que, á vez, estea a disposición do público, estudosos, investigadores,...., que o precisen.

Ollo, non un espazo, onde se amontoen, de mellor ou peor xeito, documentos, libros, revistas,...., senón unha sala, o máis ampla posible, con mobles axeitados, armarios, andeis,... Nun entorno controlado, adecuado e organizado. Con mesas e cadeiras, o máis cómodas posible, para poder consultar e traballar. Con soporte informático para unha mellor busca e consulta,.... E, dende logo, contando cun **Bibliotecario/a ou Arquivoiro/a** especialista e que sexa bo/a dinamizador/ora, para non só prestar o material que lle pidan, senón para informar, explicar, con capacidade de organización e xestión, curiosa e moi activa,...., procurando sempre buscar o material necesario para mellorar a biblioteca cada día e prestar a maior axuda posible segundo petición dos usuarios.

De aí que o Parque Nacional das Illas Atlánticas, na súa Sede Central, debe posuír unha Biblioteca-Arquivo para dar resposta a enorme cantidade de estudosos que buscan nas illas deste Parque un obxecto de investigación e o material necesario para poder levalo a cabo, o que redundaría nun aumento do coñecemento científico de todas as singularidades destas Illas e das comunidades que as habitaron e aínda habitan.

*Continuará con ideas do que precisa esa biblioteca do Parque...*



Dous exemplos de documentos que deberían estar arquivados na Biblioteca do Parque Nacional xunto aos centos de libros, traballos, documentos,...., vídeos, cintas,...., documentais, fotos,...., que hai sobre as Illas deste Parque

## ARRANXOS NA ILLA, ANTES DA SEMANA SANTA

Xa estamos ás portas da S. Santa e os responsables do Parque poñen a punto as zonas máis turísticas das illas para dar boa impresión aos visitantes e que todo estea en condicións.

En Ons, nestas semanas, por fin!!!, están dando un acelerón ás **obras de Curro**. Para iso, a empresa adjudicataria trouxo máis persoal a traballar pois, ata o de agora (case dous anos), só estaban 3, que facían o que podían, aínda que si, moi profesionais.

Esperemos que se estean a facer ben os traballos, pois ás veces, coas présas, as cousas non se fan como é debido e despois hai que estar a reparacións, remendos, ou ..., quedar peor do que estaban, cun aumento de gastos importante.

Tamén informan que están coa **capela de Canexol**. Segundo parece, retiraron o retablo para a súa restauración e que, deseguido, comezarán coas obras do tellado e interiores. Aquí tamén esperamos que despois da rehabilitación, non volva a quedar pechada durante anos, senón que os responsables da Parroquia e Parques busquen alternativas de uso. Como xa teño dito, eclesiásticas ou culturais, pero que se use, senón en pouco tempo estaremos na mesma.

Outro punto para estes días de lecer, está na **pasarela a Area dos Cans**. A última vez que estiven en Ons, só estaba dispoñible a metade que vai cara á praia, pero nun estado deplorable. Supoño que buscarán unha alternativa para estes días, non vaia ser que ocorra algún accidente polo mal estado das táboas. Con respecto a esta pasarela, que no seu día dixeron que era para favorecer a chegada á praia de persoas con minusvalía (cadeira de rodas). Esperamos que desta vez piden asesoramento as Asociacións de Persoas con Discapacidade, para non caer no mesmo erro anterior, no que esa pasarela non cumpría as necesidades que estas persoas necesitaban.



### MARTES, 24 DE MARZO

**09:30** Diversidade líquénica no litoral das Illas Atlánticas: presentación da guía de identificación de líquenes costeiros do Parque Nacional. *Equipo técnico, PN das Illas Atlánticas.*

**09:50** Produción en viveiro de *Corema album* con material vexetal do Parque Nacional: produción de planta para a restauración de ecosistemas dunares nas Illas Atlánticas.  
*Pedro Pablo Gallego, Universidade de Vigo.*

**10:10** A saúde das árbores das Illas Atlánticas: resultados a longo prazo da Rede de Seguimento Fitosanitario no Parque Nacional. *Raquel Blanco, OAPN.*

**10:30** Descanso - Café.

**11:00** Proxecto LIFE GLOBAL no Parque Nacional das Illas Atlánticas: estratexia transnacional para a restauración de hábitats de alto valor en áreas Rede Natura 2000 fronte ao cambio global.

*Pablo Ramil Rego, IBADER.*

**11:30** LIFE INSULAR: situación actual e futuro. *Equipo técnico, PN das Illas Atlánticas.*

**11:50** Arqueoloxía no Castro das Hortas: os antigos poboadores das Cíes. *Patricia Valle e Nerea Ruanova, Universidade de Vigo.*

## X XORNADAS DE ESTUDO E INVESTIGACIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Moi interesantes estas Xornadas organizadas polo Parque e que tiveron lugar na súa sede de Vigo os días 23 e 24 de marzo. Eu puiden asistir o día 24 e dende logo que os relatorios resultaron moi relevantes.

No díptico informativo escribían: “... *que o Parque ten a necesidade de preservar os seus valores naturais e culturais...promovendo a investigación e a difusión do coñecemento... O parque realiza un esforzo continuo de conservación e estudo dos seus ecosistemas e do seu patrimonio... cunha estratexia eficaz de divulgación...*”

Palabras moi importantes, sobre todo tendo en conta que este Parque ten unha importancia NATURAL significativa, pero, á súa vez, tamén unha sorprendente CULTURA (en todas as illas que o conforman) e da que case atreveríame a dicir que, como mínimo, a partes iguais; polo tanto, deberíase promover a investigación desas dúas características (**Natural e Cultural**) na mesma proporción, favorecendo o seu estudo, tanto dende o punto de vista da investigación como economicamente.

Si botamos unha ollada ao díptico destas Xornadas, comprobamos que a parte Natural ocupa un 95% dos relatorios e a cultural un 5%. Coido que hai espazo suficiente para as dúas, pero si lle dedicamos máis esforzo e cartos a unha delas, estamos a discriminar a outra, e repito, as dúas están a igualdade de importancia. *Un exemplo:*

Dende 1934 Álvaro de las Casas dixo: “*Que daba por certo que Ons era un dos recantos galegos onde máis supersticións perviven*”. Pola metade da década de 1970, Alonso Romero reivindicaba o estudo da Cultura Popular da Illa de Ons,... E eu e Pineiróns, durante máis de 40 anos, tamén reivindicando o estudo da Etnografía desta Illa e que se promocionaran investigacións sobre esta importante cultura auniense. Pois, unha ínfima cantidade de euros dedicou a administración a promover estudos e investigacións etnográfico-antropolóxicas sobre Ons, e as demais illas do Parque.

Se a camariña (*Corema album*) está en perigo de desaparición nas Cíes e se está a promover a súa produción en viveiro para que non desapareza, podo asegurarlles que a Cultura Popular (etnografía) da Illa de Ons, se non se perdeu xa, está a piques de facelo e coa gravidade de que, en menos de dúas décadas, coa desaparición dos aunienses que agora están entre os 60-70 anos, esvaecerase para sempre.

*Nas mans dos responsables do Parque esta o promover estudos etnográficos sobre a Illa de Ons.*



## ONS NA MEMORIA

Aquí os irmáns José María e Avelino Patiño no seu barco o Caneliña pescando a carón da Illa de Ons alá polos mediados da década de 1980.

Cantos estudos se poderían facer sobre Ons, en especial sobre a **Historia** do seu mundo **Mariñeiro**, tendo en conta, que esta comunidade naceu sendo agricultora. Que estudos sobre as súas dornas e o nacemento da nova flota de barcos a motor. Coñecer os seus primeiros barcos e como foron quen de gañarse a vida no mar para pagalos. Que mundo de historia a pescudar.

## CONTOS DE TABERNA

<Adhesivos no sinal de “tráfico”>

Xa remataran a partida, hoxe fora ao *subastado*, no dominó faltaba o seis dobre, seguro que algún rapaz o colleu para a súa colección e tiveron que pasarse ao naipe.

Estaban, xunto con Ramón o de Bilbao, a debater sobre os cambios nos camiños que se están a levar no barrio de Curro, co pavicéspedes para os vehículos e coas pequenas lastras (*adoquines*) no camiño principal.

Manolo da Illa, que estaba, como sempre, a escoitar, dixo:

- *A ver se sabedes cal é o monumento máis fotografado da Illa.*

Pararon a charla, sen saber a que viña esa pregunta, e comezaron a dicir: Buraco, Faro, Miradoiro de Fedorentos, ..., outro que se a praia de Melide ou a de Area dos Cans, que se os piornos, ...

Manolo da Illa movía a cabeza de xeito negativo, ata que xa cansos de dicir, preguntáronlle: - *E logo, cal carallo é?* Ao que Manolo da Illa contestou:

- *Non tendes nin idea, é <o sinal de tráfico da baixada ao peirao>.*

Todos comezaron a rir, non era para menos, pois, aínda que non o parecera, tiña razón Manolo da Illa. Nunca viran sinal igual. Dixo Arturo:

- *A quen se lle ocorrería, pois de seguro, que ese sinal non existe no código de circulación. Habería que chamar á DGT a ver que opina. Hahaaaaa!!!*

Dende logo é un sinal curioso: Un tractor precipitándose do peirao ao mar e, debaixo pon: “*Prohibida a circulación durante embarque e desembarque de pasaxeiros*”.

O debate continuou, sobre o motivo dese sinal, ata que chegou Pepe da Illa e comentou:

- *Vos sabedes cales son agora as modas, por exemplo a dos namorados e poñer cadeados polas varandas das pontes para declararse amor.*


*A dos peregrinos que chegan a Fisterra, deixar alí os zapatos cos que fixeron a peregrinaxe.*

*Caralladas!!, como o de botar unha moeda en lugares e fontes especiais e pedir un desexo, ..., e cousas así.*

*Pois, non sabedes agora cal é a moda dos mozos que veñen á Illa, disque para ter boa sorte, ou os que van ao cámping, para ligar máis, ..., pois dáselles por poñer un adhesivo na parte de atrás dese sinal do tractor, e así está cheo deles.*

Seguiron co novo debate e, podo asegurar, que choraban coas risas por mor das ocurrencias dos veciños da mesa.

Así estiveron un bo anaco de tempo, ata que, Ramón o de Bilbao, derramou a súa derradeira bagoa.



## Guía dos Liques do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Outro interesante libro publicado polo Parque e co que nos agasallaron o día 24 nas Xornadas, aínda que está en PDF para baixar na web do Parque.

Outro libro máis para engordar a futura Biblioteca do Parque e, á vez, outra idea para o que debería ser o **Parque Nacional Activo**, como unha actividade a desenvolver en Ons, con Guía, durante o verán, pero sobre todo, na temporada baixa xunto con outras de tipo: Micolóxicas, ornitolóxicas, arqueolóxicas, ...

## A ILLA DE ONS E A BISBARRA DO SALNÉS E O GROVE

Ons tivo, ao longo da súa historia e pola documentación consultada, unha importante relación coa bisbarra do Salnés. Tanto dende o punto de vista social como económico e xudicial.

No 1810 a Xunta Provincial de Armamento, co tino de facer unhas baterías de defensa na illa, puxo como persoa encargada ao cura de Sanxenxo e anos máis tarde, cando Ons quedou sen inscribir a ningún concello, decidiron que pertencera, por diferentes circunstancias, ao de Sanxenxo, aínda que posteriormente, por influencia do Marques de Valladares, pasou ao de Bueu.

Dende a última poboación, a partir do s. XIX, as relacións comerciais e pesqueiras dos veciños de Ons tiñan, nos pobos da costa do Salnés que mira ao Atlántico, unha forte conexión o que trouxo un vínculo social entre veciños das dúas zonas que provocou cambios de residencia, chegada de obreiros, comercio entre veciñanza, casamentos,...

Esa boa sintonía, dura ata agora e un par de exemplos podemos velos na boa acollida que ten a Revista cultural AUNIOS e o minixornal ONSTOPUS, relacionados con Ons/Salnés o primeiro e con Ons en exclusiva no segundo, nas zonas de O Grove, Arra, Aios, Sanxenxo,...., a carón de Ons e o Morrazo.

Tanto é así, que na última edición de PinchanoGrove, celebrado na vila Meca, entre os premios que repartiron, había unha viaxe a unha Illa do Parque Nacional e, non escolleron a de Sálvora ou Cortegada que entrarían no seu radio de acción na ría de Arousa, senón que propuxeron a de Ons, e como naveira, que trasladará as premiados a esta engaiolante paraxe, Cruceiros Rias Baixas, de O Grove, a primeira que realizou, a principios da década de 1980, as viaxes a Ons dende Sanxenxo e Portonovo.



### Ruta salgada Premios PINCHANOGROVE (dende o primeiro voto)

|                         |  |
|-------------------------|--|
| 20 tickets dobres a Ons | BELEN<br>IRIA<br>RODRO<br>LETICIA<br>JOSEJE JOSEJE<br>ÁNGELA MARIA POMBO CASAL<br>EVA<br>RUTH<br>CRISTINA<br>OSCAR RODRIGUEZ PORTELA<br>CRISTINA<br>DANIELA<br>AMANDA ALVAREZ<br>MOISÉS<br>LALU ARNALDO MUÑOZ<br>PAULA ALVAREZ<br>LETICIA<br>ENARISTO DIAZ PEREZ<br>ADRIAN |
|                         | 10 camisetas   |

## ANACO ENOGASTRONÓMICO



Aquí estamos un grupo de colaboradores de *AUNIOS* e amigos que dimos conta dun, no noso argot, “*Pata Sucia*” (*Xamón ou Paleta de pata negra para os entendidos*) e degustamos uns viños albariños caseiros de Aios e Mosteiro. A xuntanza foi na bodega da casa do Biólogo-Pintor, Jacobo Fernández, no Grove.

Alí pasamos unhas horas de parola, onde o noso lingüista, Anxo López, explicou a súa vida como mestre en diferentes puntos da xeografía galega, destacando, os Ancares, Pontearreas,...., e O Grove. Sen esquecermos de intentar procurar unha vida máis lonxeva para a revista *AUNIOS*.



E, aquí temos ao grupo de mecos en “*Ponte Bien*” (Salvaterra), saboreando unha exquisita lamprea do Miño.



Entre eles, o historiador Xosé Fuentes e o biólogo-pintor Jacobo Fernández, colaboradores da prestixiosa revista cultural *AUNIOS*, que non desaproveitaron a ocasión.



Foto: Faro de Vigo

## DRAGADO DO LÉREZ E AS REPERCUSIÓNS DO VERQUIDO DOS SEUS RESÍDUOS

Teño que comezar falando do enorme cariño que teño ao **Club Naval de Pontevedra**. Dende rapaz, xa fun socio. Nos barcos de remos que tiñan para a súa utilización, naveguei polo Lérez, fun a pescar ás bateas de Combarro, achegueime á Illa de Tambo e ás praias de Portocelo e Mogor, e ata, co meu irmán Xulio e Javi Pazó, fomos nunha delas de cámping, durante unha semana, á ría de Aldán, facendo fondeo na praia de Acoradoira. Á vez, dende os 13 anos, fun piragüista, deste club, ata os 19, polo que poden imaxinar o cariño que lle teño a este club.

Por diferentes razóns, hai anos que tiven que ausentarme de Pontevedra, pero sigo diariamente o seu devir e, dende logo, dáme unha enorme mágoa, ver como se atopa o meu río e o meu Club Naval. Dende logo hai que buscarlle unha solución. O dragado é moi necesario, pero, sempre hai un pero, que facer cos áridos que se extraen? Aí está a cuestión!!! Non entendo cal é o problema, as cabezas pensantes da Xunta e os especialistas, non se poñen de acordo de que facer cos residuos que hai que extraer. Anos levan con esa teima. Vaia asesores ou especialistas que ten a Xunta!!! Buscaron un lugar, e nada menos, que a poucas millas do único Parque Nacional galego. Manda carallo!!! Non haberá outro lugar máis axeitado e sen efectos nocivos para ninguén? O que me chama a atención é que ningún responsable da Consellería de M. Ambiente e do Parque Nacional, se molle no asunto e, se o fan, sempre é botando balóns fóra.

Pois, coido que hai que buscar unha solución xa a este asunto e que os políticos da Xunta se involucren, pero ollo, facéndose responsables do que digan e fagan, é dicir, que se responsabilicen, ata co seu patrimonio, do que agora acorden. Pois, como di un responsable do Parque: “O falar non ten cancelas”; xaaaaa!!!, pero o facer as cousas mal e logo desentenderse das consecuencias, tampouco!!!

Así que, o Presidente da Xunta, a súa Conselleira de M. Ambiente, a súa Directora Xeral de Patrimonio Natural, o seu Director do Parque,..., que falen pechando cancelas, e se responsabilicen do que se pode ou se vai facer cos residuos do dragado do Lérez, pero que o fagan con moito sentidiño e facéndose responsables, ata no futuro, das consecuencias.

**Para máis información:** <https://www.farodevigo.es/o-morrizo/2026/03/25/anduxia-advierte-efectos-dragado-leresz-128372874.html>

## TERRA DE COGOMELOS. BOSQUE MICOLÓXICO

É un proxecto educativo que levan a cabo dende FP básico de Hostalaría e Restauración de Sanxenxo, adscrita ao IES de Vilalonga. Apostan pola aprendizaxe activa a través do contacto coa natureza.

Están a crear un bosque micolóxico, nunha parcela do polígono industrial de Nantes, e un horto micolóxico no propio centro. Apostan pola sustentabilidade, respecto ao medio natural e, sobre todo, á educación científica. Conta co asesoramento do noso Micólogo e Cocineiro de cabeceira, **Juan R. Castiñeiras Buceta**, como asesor e especialista gastronómico en fungos.

O martes 24 os alumnos de FP, xunto con alumnos del CEIP de Nantes levaron a cabo unha plantación de árbores micorrizadas para conseguir un substrato que favorecerá a reprodución de dúas especies de cogomelos, os Boletus e os Lactarios.

Esta plantación ten un período de cinco anos para que comece a dar os seus froitos e teñen en mentes crear un Espazo Ambiental para todo aquel que teña interese polo tema, que satisfará e poderá aumentar o produto turístico de Sanxenxo.

Ademais o profesor Rubén Otero quere fomentar as enormes calidades dos cogomelos a nivel gastronómico, e teñen a idea de crear receitas tradicionais e innovadoras con cogomelos.

Quero destacar a importante colaboración do micólogo **Juan Castiñeiras** neste proxecto, tanto dende o punto de vista do cultivo como, posteriormente, no aspecto gastronómico do que ten unha ampla experiencia profesional.

**Juan Castiñeiras** colaborou coa revista cultural **AUNIOS** cun magnífico artigo: “*Ons, bosque, micoloxía e desenvolvemento natural*”, <https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/27/19-Micoloxia-JuanCastinheiras.pdf> onde ofrecía ideas para Ons como as que agora están a desenvolver neste bosque micolóxico de Nantes.

Esperemos que algún día os responsables do Parque se abran a estas iniciativas que son moi interesantes a nivel ambiental e didáctico.



## EL FARO DE ONS

# UNA RELIQUIA EN ACTIVO

Es probable que, tras la evocación de la palabra «farero», acuda a nuestra mente toda una serie de imágenes, amparadas en recuerdos de lecturas de pubertad. Es muy probable incluso que todos lleguemos a concebir la misma idea de hombre solitario y misántropo singularmente rodeado de un halo mágico de romanticismo. Era nuestra intención saber hasta qué punto esa imagen tópica se corresponde con la realidad, y para ello nos trasladamos a Galicia y mantuvimos una entrevista con los torreros del faro de Ons.

«El buen funcionamiento dependía de la vigilancia de los torreros. Estos debían mantener las lámparas en buen estado; renovar las mechas a su debido tiempo y cuidar de que el aceite alimentara la luz en la proporción debida; en suma, mantener una vigilancia minuciosa, pues sabían que el faro estaba destinado a rendir mayores servicios a los navegantes de aquellas lejanas aguas.»

(Julio Verne.)

### UNA ISLA DE SIETE KILOMETROS

La isla de Ons es una pequeña extensión de tierra de unos siete kilómetros de largo, situada a la entrada de la ría de Marín, Pontevedra, entre cabo Udra y la punta Cabicastro. En la actualidad está prácticamente deshabitada y durante la época invernal sus únicos habitantes son los torreros del faro y un representante del ICONA. A la entrada del puerto hay un cartel en el que se puede leer «Isla de Ons», y del que ha sido cuidadosamente tachada la frase «propiedad del Estado». La ascensión hasta el faro, situado en lo alto de un monte desde el que se domina toda la isla, puede realizarse por una serie de tortuosos caminos abiertos entre la poblada vegetación de la isla, de la que de cuando en cuando escapa un arno, o bien por una carretera recientemente asfaltada por la que se suben hasta el faro los viveres y el combustible necesarios para su funcionamiento.

Encontramos a Jaime Frontera y Francisco Montañés, dos de los fareros, trabajando en un pequeño huerto que tienen detrás del faro. Jaime es mallorquín y tiene veintiséis años y Francisco nació en Zaragoza y tiene veinticinco. El cuerpo de técnicos mecánicos de señales marítimas está compuesto por unas trescientas personas —menos que parlamentarios—, apunta Jaime, conocidos popularmente por diferentes acepciones, según la región: faristas, faroleiros, torreros, faroneros, etcétera. Ambos nos cuentan que, pese a que existen de hecho fareros que protestan por los inconvenientes que plantea el vivir aislado, las últimas promociones, de

diez años a esta parte, no sólo asumen tal contingencia desde el principio, sino que frecuentemente esa situación de soledad relativa, el contacto con el mar y la naturaleza son precisamente alguno de los motivos que les impulsan a hacerse torreros. Una vez en el faro, y es ahora Francisco quien habla, se llega a coger cariño a la cuestión de la luz, independientemente del hecho de que el faro de Ons, al ser de petróleo, requiere una serie de trabajos especiales de mantenimiento que no le hace resultar tan impersonal como conectar o desconectar un interruptor, como sucede en los faros automáticos.

En torno al tópico clásico que se corresponde con los fareros, nos explican que, en ciertos aspectos, continúa siendo igual —una isla sigue siendo una isla— y, aunque en menor medida, siguen existiendo faros aislados.

Lo que ha cambiado, lógicamente, son algunas cuestiones técnicas; en la actualidad el faro de Ons cuenta con una emisora de VHF recientemente instalada y en caso de emergencia, se puede llamar a la base de Marín, desde la que se enviaría un helicóptero, aunque en el tiempo que llevan en el faro no haya habido necesidad de llegar a tal extremo. Es diferente, comenta Francisco, en los núcleos urbanos en los que el faro ha sido absorbido por urbanizaciones, y en este caso los fareros están en contacto con el tráfico diario de una gran ciudad. En cuanto a las dosis de romanticismo y aventura nos dicen que en realidad el romanticismo que pueda o no existir no es inherente al hecho de ser farero, sino al temperamento de cada persona, si bien, afirman, en la isla el marco es más apropiado, pasando el día leyendo, paseando o cultivando la tierra; de todos modos, no tiene nada que ver con el romanticismo empalagoso y cursi. Y en cuanto a la aventura, nos confiesa Francisco que lo que sí es una aventura y kafkiana es el burocratismo del Ministerio cuando tienen que solucionar cualquier asunto; pese a todo, Jaime reconoce que el abandonar el marco social para el que se ha sido educado y hacerse farero; no deja de ser, si no una aventura, si



seguir desarrollando el mismo trabajo si ninguna contingencia les hace cambiar de planes. Por otro lado, nos confiesan que el apego al faro es paulatinamente mayor y cada vez les resulta más difícil volver a tierra.

En invierno las condicio-


- ◆ Es uno de los cuatro que, en España, todavía funcionan a petróleo
- ◆ Tiene grandes ventajas sobre los automáticos

una experiencia íntima que imprime mucho carácter.

### EL FARO SIEMPRE FUNCIONA

La plantilla del faro de Ons se compone de tres fareros y dos ayudantes que se turnan cada quince días, habiendo siempre un farero y un ayudante de servicio. Este régimen no es igual en todos los faros; normalmente en los casos más delicados, laboralmente, como son las islas, se ofrecen mayores facilidades. La vida diaria en el faro discurre entre los trabajos de mantenimiento durante el día y el encendido del faro a la puesta del sol, debiendo permanecer encendido mientras no se divise la costa, y siempre hay una persona de servicio durante la noche. En cuanto al mantenimiento del mismo no existe horario fijo de trabajo, obrando éste en función de las averías que puedan producirse. Independientemente del arreglo de los ocasionales desperfectos, cada tres días hay que cargarlo de petróleo, y antes del encendido cumplir con un cuidadoso rito de dar presión, calentarlo y dar cuerda al sistema de relojería que hace girar la óptica. En suma —concluye Jaime—, el trabajo consiste durante el día en tener listo el faro para que por la noche pueda funcionar. Y quedó bien claro, siempre funciona.

Para ser farero es nece-



leo. A nivel de prestaciones supera incluso a los actuales faros automáticos de acetileno; posee un mayor alcance y al estar habitado no tiene lugar el deterioro de las instalaciones como sucede en los automatizados que —comenta Jaime— las más de las veces y por unas u otras causas terminan destruidos. El sistema de funcionamiento, del siglo pasado, consiste en un punto de luz fijo en torno al cual giran paneles de lentes que producen a distancia los característicos destellos, cuatro cada veinticuatro segundos. La óptica se encuentra flotando en una cuba de mercurio y gira gracias a un sistema de relojería impulsado por un peso motor que hay que remontar cada seis horas.

Este método es casi de museo y dentro de su clase —nos comentan— el faro es una obra de arte.

En la actualidad, y en contra de lo que pudiera pensarse, el empleo de farero, lejos de estar en vías de desaparición, cuenta cada vez con más aceptación. Se deban casos hace años que incluso había menos opositores que plazas a cubrir, si bien actualmente para cada plaza hay ocho inscripciones, las vacantes tienden a disminuir debido sobre todo a la automatización. Un faro automático cuesta 60 millones de pesetas y únicamente ofrece ventajas económicas a largo plazo. Independientemente del paulatino deterioro de sus instalaciones, un faro automático reduce su alcance, ofrece menos seguridad y tiene más y más posibilidades de apagarse. Incluso se han dado casos en que tras la automatización ha habido nuevamente que habitarlos, y nos ponen como ejemplo a Inglaterra, país de tradición marinera por excelencia, en que todos los faros están habitados.

La última pregunta fue el por qué eligieron precisamente Ons; Jaime nos dice que tenía muy claro lo de la isla, y que el único lugar de España donde los faros en las islas continúan habitados es en Galicia. Francisco, por su parte, parecía tener alguna reticencia al principio —yo imaginaba esto como una roca con un faro y las olas pasando por encima—, pero al leer lógicamente se desvanecieron todos los problemas.

Y dejamos a Jaime y Francisco dedicados a sus quehaceres cotidianos y ya por la noche, desde la costa, atisbamos el mar y efectivamente en lontananza se distinguen los cuatro destellos del faro de Ons, que como cada noche e ininterrumpidamente envía señales, remediando a Verne, a los navegantes de aquellas lejanas aguas.

nes climáticas dejan la isla prácticamente aislada, incluso hay días en que no es posible salir del faro a causa de los temporales; no obstante, el barco de servicio de faros sigue realizando los relevos quince días, en los que asimismo se traen vituallas y combustible. Pese a la dureza climática del invierno, la peor época en la isla convienen en que es la temporada estival, en que tiene lugar una afluencia turística lo suficientemente importante como para que la tónica soledad del torre deje de ser tal.

### EL FARO DE LA ISLA, UNA PIEZA DE MUSEO

El faro de Ons es uno de los últimos cuatro faros que se conservan en España alimentados con petró-

